



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SADA

##### Secretaría

*Bases específicas da convocatoria de proceso selectivo para a creación de bolsa de emprego de postos de peón para a formación dunha brigada de prevención e extinción de incendios forestais e similares*

Polo Decreto desta Alcaldía núm..816/2025, do 24 de abril, aprobáronse as seguintes bases de convocatoria de selección de persoal:

“BASES ESPECÍFICAS DE PROCESO SELECTIVO PARA ELABORAR UNHA BOLSA DE EMPREGO CON CARÁCTER INTERINO PARA POSTOS DE PERSOAL LABORAL OU PERSOAL FUNCIONARIO DE PEÓN DE BRIGADA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E OUTROS POSTOS RELACIONADOS CO MANTENIMENTO MEDIOAMBIENTAL E XESTIÓN DA BIOMASA E PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE.

1ª.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de interinos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario ou calquera das situacións contempladas no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada e no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma para substitucións por vacacións ou permisos do persoal coa categoría de peón de brigada de prevención e extinción de incendios forestais e outros postos relacionados co mantemento medioambiental e xestión da biomasa; en todo aquilo que non estea previsto nas “BASES XERAIS PARA ELABORAR BOLSAS DE EMPREGO CON CARÁCTER INTERINO PARA POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DURANTE O 2025”, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 30 de xaneiro de 2025. (BOP núm.25 do 6-2-2025)

O órgano competente da Corporación poderá adscribir ós/ás aspirantes nomeados/as, través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

A bolsa de emprego resultado do proceso selectivo substituirá á aprobada para o tipo de posto polo Resolución de Alcaldía núm.1230/2022, do 12 de agosto, ampliada pola núm.1537/2023, do 10 de agosto.

2ª.-REFERENCIA DO PROCESO SELECTIVO: PSB 2/2025-A

3ª.- VIXENCIA DA BOLSA

A vixencia desta bolsa é de tres anos, prorrogables por outros 3, dende a súa aprobación por resolución do Alcalde que se publicará no taboleiro e na sede electrónica municipal.

No suposto de que durante o período de vixencia da bolsa se producise a situación de que non existisen aspirantes en estado dispoñible, poderá convocarse unha nova bolsa que substituirá á que resulte deste proceso selectivo, perdendo en consecuencia a súa vixencia

4ª.- CARACTERÍSTICAS DAS POSIBLES PRAZAS.

a) Denominación da praza: Peón de Brigada de Prevención e Extinción de Incendios Forestais ou peón relacionado co mantemento medioambiental, xestión da biomasa ou protección do medio ambiente.

b) Grupo de cotización: IX

c) Tipo de relación xurídica: persoal laboral temporal ou persoal funcionario interino

5ª.- SISTEMA SELECTIVO.

De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Sada, o sistema selectivo será o de oposición.

6ª.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

- Non se esixe a posesión de ningunha titulación específica.

- Estar en posesión do permiso de condución clase B

- Estar en posesión do título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 2 ou outros títulos oficiais equivalentes. No caso de non acreditalo realizarase unha proba conforme ao establecido na base 8ª.

#### 7ª.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN E PRAZO

As solicitudes de participación achegarase a documentación sinalada na base cuarta das Bases Xerais e axustaranse ao modelo que está a disposición na seguinte ligazón:

<https://www.sada.gal/ga/a-un-click/impresos> ou que se lles facilitará nas dependencias municipais.

O prazo é de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP

- As taxas de participación no proceso selectivo serán as fixadas nas bases xerais para o grupo E

#### 8ª.- PROCESO SELECTIVO.

##### 1.- Fase de oposición.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes de carácter obrigatorio e eliminatorio:

**PRIMEIRO EXERCICIO**, proba física: De estar en vigor os requisitos esixidos polas Administracións competentes consistirá na realización da seguinte proba física de esforzo, co obxecto de comprobar se a persoa aspirante ten unha condición axeitada de saúde e aptitude física. A súa cualificación será apto/non apto e só se permite un intento.

Carreira de 1500 m. : Realizarase nunha pista deportiva, a persoa aspirante percorrerá a distancia de 1500 m. o máis rápido que poida, tomándosele o tempo a súa chegada, Consideraranse aptas as persoas que percorran a distancia nun tempo menor ou igual aos establecidos no seguinte cadro:

|          |      |
|----------|------|
| Homes    | 9´00 |
| Mulleres | 9´45 |

**SEGUNDO EXERCICIO**: práctico: Realización dun suposto práctico relacionado coas materias específicas do temario. En función da maior ou menor complexidade do exercicio, o Tribunal determinará antes do seu inicio o tempo máximo para a súa realización, con carácter xeral para todos os aspirantes. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o Tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización. Puntuación máxima 30 puntos. Terá carácter eliminatorio, debendo acadarse para superalo 15 puntos.

**TERCEIRO EXERCICIO**: Consistirá en contestar durante un período máximo de 30 minutos un cuestionario formulado polo Tribunal inmediatamente antes do seu comezo e baseado no temario completo (parte xeral Anexo V das bases xerais e base 13ª das específicas). Estará composto por vinte preguntas con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. Cada resposta correcta puntuará 1 punto, as respostas deixadas en branco ou incorrectas non descontarán. A cualificación máxima é de 20 puntos. Terá carácter eliminatorio, debendo acadarse para superalo 10 puntos.

- Nos exercicios obrigatorios e eliminatorios e deberá acadarse unha puntuación mínima da metade da puntuación total asignada nestas bases a cada un deles para a súa superación.

- Se o Órgano de selección, de oficio ou en base as reclamacións, que os aspirantes poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á publicación das cualificacións dos exercicios, anulase algunha/s das preguntas incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no taboleiro de Anuncios do Concello.

Contra tal acordo poderá interporse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

#### NORMAS ESPECÍFICAS DE DESENVOLVEMENTO DOS EXAMES:

Pola coincidencia de materias coa bolsa de peón-condutor, aínda que se realicen listaxes de admitidos e excluídos diferenciadas e resultados das probas tamén diferenciados, os exames realizaranse conxuntamente e coincidirán en todo excepto na parte tipo test que será común en 15 preguntas e en cinco realizarase un diferente para a especialidade de peón e para a especialidade de peón-condutor. No caso de que o mesmo aspirante se presente a ambas probas disporá do tempo a maiores para contestar ás 5 preguntas de cada especialidade.

##### 2. Puntuación total.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios puntuables, polo que se excluírá a proba física.

### 3. Exame de galego.

Respecto a acreditación do idioma galego, de non acreditarse co título esixido na base 6ª realizarase unha proba de nivel aos aspirantes que foran propostos polo tribunal, puntuándose coma apto ou non apto e debendo acadarse para aprobar a cualificación de apto.

### 9ª.- REQUISITOS ESPECÍFICOS PREVIOS Á CONTRATACIÓN OU NOMEAMENTO NOS SUPOSTOS DE CHAMAMENTOS PARA INTEGRAR UNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

1º A persoa chamada pola orde de prelación da bolsa de emprego resultado desta convocatoria, realizará, previamente á súa contratación un recoñecemento médico.

Nos anos 2026 e seguintes terán que realizar de novo o dito recoñecemento e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar, xa que as probas físicas só poderán conservarse para as contratacións deste tipo no ano 2025.

2º A proba física, de estar en vigor os requisitos esixidos polas Administracións competentes, consistirá na proba de esforzo consistirá na realización dunha Carreira de 1500 m.: Realizarase nunha pista deportiva, a persoa aspirante percorrerá a distancia de 1500 m. o máis rápido que poida, tomándosele o tempo a súa chegada. Só se permitirá un intento. Consideraranse aptas as persoas que percorran a distancia nun tempo menor ou igual aos establecidos no seguinte cadro:

|          |      |
|----------|------|
| Homes    | 9´00 |
| Mulleres | 9´45 |

Esta proba poderá ser substituída por calquera das previstas nas recomendacións técnicas ditadas polo Ministerio de Agricultura e Pesca que estean en vigor na data do futuro chamamento, o que será comunicado á persoa interesada no momento do chamamento.

3º No suposto de que a persoa chamada resulte non apto/a a na proba física de esforzo como no recoñecemento médico, non poderá ser contratada ou nomeada e será excluída da bolsa de emprego aos efectos das contratacións de brigada de prevención e extinción de incendios forestais, pero non para outros postos que non requiran a proba física.

4º Aos efectos de avaliar a mesma constituirase un tribunal cos mesmos requisitos que os establecidos nas “BASES XERAIS PARA ELABORAR BOLSAS DE EMPREGO CON CARÁCTER INTERINO PARA POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DURANTE O 2025”, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 30 de xaneiro de 2025

### 10ª.-CURSO DE FORMACIÓN NOS SUPOSTOS DE CHAMAMENTOS PARA INTEGRAR UNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

A persoa contratada ou nomeada realizará un curso teórico-práctico obrigatorio de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas ao inicio do seu contrato ou nomeamento.

### 11ª.-OBRIGA DE RELACIONARSE POR MEDIOS ELECTRÓNICOS

Aplícase á participación neste proceso selectivo á previsión da Disposición adicional Segunda da Ordenanza de administración electrónica do Concello de Sada (BOP 19-9-2023), que dispón que:

1. As persoas que participen en procesos de selección para o acceso ao emprego público como persoal funcionario ou laboral, xa sexa con carácter permanente ou temporal, estarán obrigadas a relacionarse coa Administración telemáticamente en todas as fases do correspondente procedemento, dende a presentación de solicitudes ata a elección de destinos, incluídos, no seu caso, as reclamacións e os recursos administrativos que puideran interpoñer.

No suposto do persoal temporal, esta obriga será esixible tanto cando a selección se efectúe a través de convocatorias específicas como cando se realice mediante a constitución e xestión de listas de espera, bolsas de traballo, ou mediante calquera outro procedemento previsto no ordenamento vixente, incluídos os procesos de selección de persoal que polas características e requisitos de determinadas subvencións pasa a ser contratado polo concello.

2. O deber de relacionarse co concello de Sada por medios telemáticos comprenderá a obriga de recibir notificacións electrónicas no caso de aqueles actos ou incidencias que requiran dunha comunicación persoal, de conformidade co disposto no artigo 41.1 e 3, da Lei 39/2015, do 1 de outubro e os artigos 41 a 45 do Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo.

3. En cada unha das convocatorias de procesos selectivos indícanse os medios telemáticos para a presentación e tramitación das solicitudes e de identificación e sinatura admitidos, segundo o disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

As convocatorias tamén deberán incorporar a previsión de que se algunha das persoas interesadas presentase a súa solicitude presencialmente requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica, nos termos e cos efectos establecidos no artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, polo que se considerará a todos os efectos coma a data de presentación da solicitude aquela na que se tivera realizado a correspondente emenda.

De ser o caso de que se tiveran determinado os formatos e estándares aos que deberán axustarse os documentos a aportar e os trámites a realizar dentro do procedemento selectivo, se a persoa interesada incumpre coa súa obriga requiriráselle para que, nun prazo de dez días, emende o defecto advertido nos termos establecidos no artigo 73.2, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, coa indicación de que, se así non o fixera e previa resolución, se lle terá por desistido da súa solicitude ou se lle poderá declarar decaído no seu dereito ao trámite correspondente.

Así mesmo, nas ditas convocatorias farase referencia expresa á posibilidade de ampliación de prazos non vencidos como consecuencia de incidencias técnicas que tiveran imposibilitado o funcionamento ordinario do sistema ou da aplicación que corresponda, segundo o disposto no artigo 32.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. Por causas excepcionais debidamente motivadas, as convocatorias poderán habilitar, en relación co respectivo proceso selectivo, a utilización de medios non electrónicos para todos ou para parte dos trámites e actuacións.

De igual modo, o órgano convocante, cando concorran circunstancias sobrevindas de carácter técnico ou de calquera outra natureza, poderá autorizar motivadamente o emprego de medios non electrónicos para a relación das persoas aspirantes coa Administración, naqueles trámites nos que poida resultar preciso, debendo incluírse unha referencia a esta posibilidade nas convocatorias correspondentes.

#### 12ª. ASISTENCIA NO USO DOS MEDIOS ELECTRÓNICOS AOS INTERESADOS.

Segundo o artigo 12.2 parágrafo segundo da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, se algún dos interesados non dispón dos medios electrónicos necesarios, a súa identificación ou firma electrónica no procedemento administrativo poderá ser validamente realizada por un funcionario público mediante o uso do sistema de firma electrónica do que estea dotado para iso. Neste caso, será necesario que o interesado que careza dos medios electrónicos necesarios se identifique ante o funcionario e preste o seu consentimento expreso para esta actuación, do que deberá quedar constancia para os casos de discrepancia ou litixio.

#### 13ª.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

TEMA 1.- O municipio de Sada: Poboación e termo municipal. Configuración xeográfica. Límites. Situación das parroquias e principais núcleos de poboación. Localización dos lugares do Concello de Sada.

TEMA 2.- O Pleno, Alcalde e Xunta de Goberno Local no Concello de Sada.

TEMA 3.- A defensa contra incendios forestais en Galicia. Os distritos forestais. A rede de radio. O manexo dos equipos de comunicación. A recolla inicial de datos. A recollida de datos ao remate do lume. A transmisión de datos dun lume.

TEMA 4.- O lume forestal, características e o seu comportamento. Accións básicas de extinción. Ataque directo e indirecto. O remate dos lumes.

TEMA 5.- A prevención de incendios. Accións de prevención. Ferramentas de ataque e prevención. A maquinaria lixeira. O equipamento na loita contra incendios.

TEMA 6.- A condución dun vehículo todoterreo. A estiba das ferramentas. A condución cara ao lume, aproximación e estacionamento do vehículo.

TEMA 7.- A seguridade do persoal en labores de prevención e extinción. Riscos, medidas preventivas e normas de seguridade. Prevención de accidentes. Primeiros auxilios nos lumes.

TEMA 8.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: consideración de persoa con discapacidade e dereitos. A normativa reguladora do procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade. ”.

O que se publica para xeral coñecemento.

Sada, 25 de abril de 2025

O Alcalde

Óscar Benito Portela Fernández